

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DE CONCERTO SOCIAL

Código do procedemento: BS213T

RESOLUCIÓN do 21 de novembro de 2025 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, para a execución do programa de acollemento residencial dirixido a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección e problemas de saúde mental, no centro de menores Casa da Quintán en Ponte Caldelas (8 prazas), (código de procedemento BS213T).

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

REUNIDOS

Dunha parte, Jacobo José Rey Sastre, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, en virtude da cláusula K.4.2 da resolución da convocatoria, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, en virtude das competencias que lle confire o Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

E doutra, don Raúl Torres Ínsua con D.N.I. nº 06245414V actuando en nome e representación da persoa xurídica HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL, NIF/CIF: R3600336F con domicilio en R/ San Xoan de Deus, nº 1; 36208 Vigo (Pontevedra).

Nº de rexistro da Entidade Prestadora de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade: E132.

Recoñecéndose ambas as dúas partes respectivamente competencia e capacidade legal suficientes, subscriben o presente documento de formalización de concerto social cuxos antecedentes administrativos e cláusulas son as seguintes, conforme ao estipulado no Decreto 229/2020, de 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro. A Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica iniciou a tramitación da convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, para a execución do programa de acollemento residencial dirixido a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección e problemas de saúde mental, no centro de menores Casa da Quintán en Ponte Caldelas (8 prazas), (código de procedemento BS213T).

Segundo. O 21 de novembro de 2025 apróbase un gasto para este procedemento de 2.249.173,96 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228, para o período 2026 (275 días) ao 2028 (91 días)..

Terceiro. A resolución da convocatoria do concerto social foi asinada con data 21 de novembro de 2025 pola conselleira de Política Social e Igualdade e publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 05/12/2025 (DOG nº 236) así como na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

Cuarto. O prazo de presentación de ofertas rematou o día 5 de xaneiro de 2026.



A este concerto social presentouse unha única entidade:

ENTIDADE SOLICITANTE	DATA PRESENTACIÓN
ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL)	05/01/2026

Quinto. Con data 22 de xaneiro de 2026 reúnense os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula P) da resolución do 21 de novembro de 2025 pola que se publica a convocatoria. A reunión convocouse co obxecto de examinar o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Igualdade e revisar a documentación presentada pola entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213T.

Sexto. Unha vez examinada a documentación presentada, conséntase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

Sétimo. Na cláusula O) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Oitavo. De acordo coa dita valoración con data 22 de xaneiro de 2026 elévase a proposta de adxudicación ao director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, segundo o disposto nos artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, conforme se indica:

ENTIDADE PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA
ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL)

Noveno. Con data 22 de xaneiro de 2026 o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica acepta a proposta da Comisión de Valoración.

Décimo. Logo de requirir a documentación para a adxudicación á entidade adxudicataria, con data 19 de febreiro de 2026 a Dirección de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica propón a resolución de adxudicación á entidade "HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL"; proposta fiscalizada pola Interventora Delegada da Consellería de Política Social e Igualdade con data do 23 de febreiro de 2026.

Décimo primeiro. Con data 24 de febreiro de 2026 a Consellería de Política Social e Igualdade resolve a adxudicación do concerto á entidade proposta como adxudicataria, a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a sinatura da formalización do concerto social dentro dos 30 días seguintes ao da publicación segundo indica o artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

Décimo segundo. Con data 17 de marzo de 2026 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG nº 51) a resolución de adxudicación do concerto.

Décimo terceiro. A disposición do gasto estableceu unha previsión estimada para a execución do concerto por un período de 2026 (275 días)-2028 (91 días).

Neste concerto a dita disposición efectuouse con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228 logo da fiscalización pola Intervención Delegada.



CLÁUSULAS DO CONCERTO

PRIMEIRA. Definición dos servizos que constitúen o obxecto do concerto

A entidade "HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL", comprométese a levar a cabo a execución deste concerto social, para a execución do programa de acollemento residencial dirixido a nenos, nenas e adolescentes con medidas de protección e problemas de saúde mental, no centro de menores Casa da Quintán en Ponte Caldelas (8 prazas), (código de procedemento BS213T), con estrita suxeición ao texto da resolución do 21 de novembro de 2025 pola que publica a convocatoria e ao Prego de Prescricións Técnicas, documentos contractuais nos que se determina e detalla o obxecto do concerto, que coñece e acepta plenamente, deixando constancia neste acto da súa conformidade con cada un deles coa sinatura deste documento de formalización.

Os servizos que constitúen o obxecto do concerto social, están indicados no Prego de prescricións técnicas así como as súas características. Os criterios de preferencia e selección da entidade están indicados na cláusula O) da resolución da convocatoria do concerto.

SEGUNDA. Importe

O prazo de duración do concerto será desde a data da súa formalización, con efectos desde o 01/04/2026 ata o 31/03/2028, polo que a distribución do importe por anualidades, sen aplicar o IVE por estar a entidade exenta, é a seguinte:

Nº de prazas especiais	2026 (275 días)	2027	2028 (91 días)
8	730.444,00 €	1.042.060,40 €	272.199,20 €
TOTAL		2.044.703,60 €	

O prezo que a Consellería de Política Social e Igualdade aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto concrétase segundo o seguinte prezo por praza e día:

Nº de prazas especiais	Anualidade	Praza especial praza/día
8	2026	332,02
	2027	356,87
	2028	373,90
	2029	388,56
	2030	388,56

A Consellería de Política e Igualdade aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto un importe mensual, que reflicte en cada ano os incrementos salariais que se desprenden de V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores (BOE núm. 302, do 16 de decembro de 2024).

Tal como se indica no estudo de custes, o prezo que a Consellería de Política e Igualdade aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto artículase en función de:

- Custos de persoal: aplícanse as contías retributivas previstas no V convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores.
- Gastos correntes da entidade (local, subministracións, axudas de custo, formación do persoal...).



c) Manutención dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) que estean en acollemento residencial ou de atención de día no marco deste programa.

O prezo aboarase pola Administración por mensualidades vencidas, para o cal a entidade adxudicataria presentará, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se realizou efectivamente a prestación, os documentos que figuran detallados na convocatoria, cláusula S) apartado 3, na que se describe o réxime de pagamentos.

As obrigas económicas para esta Administración, derivadas da prestación do servizo por parte da entidade concertante, terán efectos desde a data na que se inicien as actividades obxecto da concertación.

Este importe será financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228 que figura na vixente lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal existe crédito axeitado e suficiente.

TERCEIRA. Prazos totais e parciais de duración do concerto social, posibilidade de renovación, causas de modificación, revisión e extinción

A vixencia deste concerto abrangue desde o día 01/04/2026 ata o 31/03/2028, ámbalas dúas datas incluídas. con posibilidade de prórrogas ata o 31/03/2030.

O concerto poderase modificar segundo o establecido na cláusula T) da resolución do 21 de novembro de 2025 pola que se publica a convocatoria do concerto.

Serán causas de resolución e extinción do concerto social as previstas na cláusula U) do texto da resolución do 21 de novembro de 2025 pola que se publica a convocatoria do concerto.

CUARTA. Posibilidade e condicións para realizar prestacións non gratuítas e servizos complementarios

A entidade adxudicataria en ningún caso poderá realizar prestacións non gratuítas ou servizos complementarios relacionados co obxecto deste concerto.

QUINTA. Medios, recursos materiais e humanos necesarios para garantir o cumprimento das condicións establecidas para o servizo obxecto do concerto social

Os medios, recursos materiais e humanos necesarios mínimos para garantir o cumprimento das condicións establecidas para o servizo obxecto do concerto social son os indicados na cláusula Q.4 da convocatoria do concerto e na oferta da entidade adxudicataria.

SEXTA. Garantía definitiva

Para responder do cumprimento das obrigas derivadas deste concerto social, o adxudicatario constituíu a favor da Administración unha garantía definitiva por importe de 102.235,18 €.

SÉTIMA. Dereitos e obrigas da entidade concertada

Os dereitos e obrigas da entidade concertada sinálanse na cláusula S) da resolución da convocatoria do concerto.

OITAVA. Condicións e limitacións da subcontratación e excepcións á prohibición de cesión do concerto social

Queda prohibida a subcontratación das prestacións obxecto deste concerto.

Queda prohibida a cesión, total ou parcial, dos servizos obxecto deste concerto, excepto cando a entidade concertada sexa declarada en concurso de acredores e non quede garantida a continuidade da



atención das persoas usuarias, con autorización expresa e previa da Consellería de Política Social e Igualdade, que adoptará as medidas precisas para garantir a continuidade e calidade do servizo.

NOVENA. Cuestións litixiosas xurdidas

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, e resolución e efectos desta, serán resoltas polo órgano responsable do concerto, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e serán de contado executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os pronunciou, ou ser impugnados mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, así como no artigo 42 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

Pola entidade HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL

O representante legal

Raúl Torres Ínsua

(Asinado dixitalmente)

Pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia

O director xeral de Familia, Infancia e
Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

(Asinado dixitalmente)

